



RESOLUCIÓN

CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS, EVENTOS E FERIAIS E PROBAS DEPORTIVAS.

ANTECEDENTES.

Mediante a Resolución do 26 de setembro de 2017 da Presidencia de Portos de Galicia e logo da audiencia e consulta coa Federación Galega de Municipios e Provincias aprobaronse os criterios e procedemento para autorizar a ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas nos portos autonómicos da competencia deste organismo (Diario Oficial de Galicia -D.O.G.- 05.10.2017).

O 14.06.2018 entrou en vigor a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, D.O.G. do 14.12.2017, que deroga a Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación de Portos de Galicia.

O 02.07.2018, entra en vigor a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia publicada no D.O.G. do martes, 2 de xaneiro de 2018, conforme a vacatio legis fixada na súa disposición derradeira sexta.

O artigo 2.3 desta Lei 10/2017, establece que esta é de aplicación supletoria a aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que contem con regulación sectorial propia; precepto que en materia de portos debe poñerse en relación a que a normativa de patrimonio público e a portuaria tanto estatal como autonómica, esixen a obligatoriedade de obtención de autorización o de concesión para a ocupación de dominio portuario.

Por outra parte a disposición derogatoria única da citada Lei 10/2017, nomeadamente derroga os artigos 4 e 7 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia e integralmente o Decreto 390/2009, do 24 de setembro que determina o procedemento aplicable para o exercicio da potestade sancionadora en la materia de establecementos e espectáculos públicos.

1

A confluencia destes cambios normativos xunto coa experiencia que se está a adquirir na aplicación da dita Resolución do 26.09.2017 de Portos de Galicia, fai necesario que se proceda a revisar esta resolución, ditando unha nova e deixando sen efecto aquela.

De acordo cos artigos 148.1.6 e 149.1.20 da Constitución Española, o Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece no seu artigo 27.9 que corresponde á Comunidade Autónoma galega, dentro do seu ámbito territorial, a competencia exclusiva en materia de portos non cualificados de interese xeral polo Estado, portos de refuxio e portos deportivos, ao mesmo tempo que no seu artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado, nos termos que esta estableza, en canto aos portos pesqueiros.

Consonte estas previsións constitucionais e estatutarias, o Real Decreto 3214/1982, de 24 de xullo, e o Decreto do Consello da Xunta de Galicia 167/1982, de 1 de decembro, tramitaron a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco de competencias do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, das funcións e servizos relativos a todos os portos e instalacións portuarias, suxeitos ou non a réxime de concesión, non cualificados de interese xeral polo Estado no Real Decreto 989/1982, de 14 de maio , e aos de refuxio e deportivos existentes no seu ámbito territorial.

Os portos, que comenzaron como puntos de descarga de mercadorías e pesca, evolucionaron ata converterse nuns complexos industriais e mercantís onde se desenvolven numerosas actividades produtivas e administrativas e que, así mesmo, realizan unha función de desenvolvemento rexional ao permitiren a localización e promoción doutras industrias, e social, en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.



No artigo 55.3 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, dispone que nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, poderanse admitir outros usos non estritamente portuarios, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos, que non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e das operacións de tráfico portuario e mais que se axusten ao establecido no planeamento urbanístico en vigor, así como ao previsto na normativa de costas en materia de protección do dominio público marítimo-terrestre adscrito.

Por outra banda a lexislación vixente, prohíbe expresamente entre outras á publicidade comercial a través de carteis ou vallas, medios acústicos ou audiovisuais situados no exterior das edificacións. A estes efectos, non se considera publicidade os carteis informativos e rótulos indicadores dos propios establecementos ou empresas titulares dunha autorización ou concesión administrativa da Autoridade Portuaria.

A Autoridade Portuaria poderá autorizar a publicidade para actividades deportivas, sociais e culturais que ocasionalmente se desenvolvan no dominio público portuario nos termos da normativa de Costas. É dicir, permitirse a publicidade nos termos establecidos na lexislación reguladora de costas.

Por outra banda a prestación dos servizos nos portos relativos á ocupación do dominio público portuario e as súas infraestruturas, regularase polo regulamento de servizo e policía e pola lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos y exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa complementaria, supletoria e de desenvolvemento en materia tributaria, servizos entre os que se encontran an ocupacións título precario do dominio público, fornecementos e uso de infraestruturas de atraque.

As taxas serán obxecto de liquidación por parte de Portos de Galicia ós respectivos suxeitos pasivos e entenderase que se ten producido impago das taxas cando non se efectúe o ingreso da débeda tributaria no período voluntario.

2

O impago de calquera das taxas portuarias poderá motivar, previo apercibimento ao interesado e en tanto non regularice a súa débeda tributaria, a prohibición ou perda do derecho á utilización ou aproveitamento especial das instalacións portuarias e a suspensión da actividade e, no seu caso, a extinción do título administrativo correspondente, de acordo co previsto da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.

A xestión e recadación das taxas efectuarase por Portos de Galicia, utilizando para a efectividade do cobro destas as garantías constituídas para o efecto e, se é o caso, a vía de conxinximento.

Por outra banda no artigo 3 da 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia establece que para os efectos desta lei, entenderase por:

- a) Espectáculos públicos: as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.
- b) Actividades recreativas: aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.
- c) Espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario: aqueles que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.
- d) Establecementos abertos ao público: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser dos seguintes tipos:
 - 1º. Locais cerrados, permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente.
 - 2º. Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.



3º. Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

e) Espazos abertos ao público: lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, ou de propiedade privada, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non disponen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

f) Instalacións portátiles ou desmontables: aquelas estruturas móbiles provisionais e eventuais ou aqueles recintos aptos para o desenvolvimento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxo conxunto se encontra conformado por elementos desmontables ou portátiles constituídos por módulos ou compoñentes metálicos, de madeira ou de calquera outro material que permita operacións de montaxe ou desmontaxe sen necesidade de construír ou demoler algunha obra de fábrica.

A disposición derradeira primeira da devandita Lei 10/2017, modifica varios artigos da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e Competitividade de Galicia, relativos ao réxime de declaración responsable, esixencia de licencia municipal ou autorización autonómica e de actividades exentas destes declaracions, licencias ou autorizacions.

Polo exposto ademais da preceptiva autorización para a ocupación do dominio publico portuario de competencia autonómica, a outorgar por Portos de Galicia, a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberán contar coa correspondente licenza municipal, segundo o disposto no procedemento establecido no artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013 de emprendemento e de competitividade económica de Galicia así como no disposto nas normas regulamentarias de desenvolvemento e execución desta Lei.

Unido ao exposto, é unha realidade que os portos como zonas de actividade portuaria pesqueira, náutico deportiva e de lecer, comercial, industrial ou de servizos, en principio non resultan ser lugares aptos para todo tipo de festas populares e eventos de afluencia masiva de público, por canto as zonas portuarias acostuman implicar riscos específicos de danos a persoas e bens e conseguintemente debe limitarse a súa ocupación a eventos que teñan certa vinculación co porto ou a cultura mariñeira.

3

Agora ben, dada as características da forma de asentamento dos núcleos de poboación no litoral, prodúcese una forte implicación das actividades das vilas coa zona portuaria, de xeito que resulta tradicional nestas vilas e portos autonómicos a celebración dalgunhas actividades de lecer e espectáculos públicos de carácter ocasional e extraordinario en zona portuaria (festas patronais, probas deportivas, eventos culturais, educativos e festivos), realidade que sempre xerou numerosas solicitudes de autorización para a súa realización, polo que é preciso ditar unha resolución para a regulación das autorizacions deste tipo de actividades.

Polo exposto, toda pretensión de calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, de realizar espectáculos públicos ou actividades recreativas de calquera índole en zona portuaria, debe implicar unha solicitude formal e oficial na cal o organizador asuma a responsabilidade legal ante terceiros, e documento e xustifique a aplicación dun protocolo de seguridade rigoroso en canto a medios persoais e materiais, o que implicará a coordinación coa policía, servizos sanitarios, emergencias e protección, así como prever o cerramento do recinto, accesos e evacuación, cobertura de responsabilidades mediante formalización de pólizas de responsabilidades legais e, así como as fianzas que garantan a reposición das infraestruturas no suposto de producirse danos.

Por autorización de ocupación de superficie outra banda, dada o obrigatoriedade que impón o cumprimento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento de competitividade económica de Galicia, ao marxe da correspondente a outorgar polo titular do terreo portuario, Portos de Galicia, propone ditar os criterios que regulen a tipoloxía de espectáculos públicos e actividades recreativas autorizables nos portos e que tente homoxeneizar con outros organismos competentes a tramitación pertinente en consonancia coa lexislación vixente.

Os criterios regularanse polas seguinte CONDICIONES:



Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

A presente Resolución ten por obxecto establecer os criterios xerais de autorización da celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas a desenvolver nos portos suxeitos á xestión da entidade pública Portos de Galicia.

Entendese por espectáculos públicos as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competicións ou audicións de concorrencia pública, de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

Entendese por actividades recreativas aquelas que ofrecen ao público, espectadores ou participantes, actividades, produtos ou servizos con fines de ocio, recreo ou entretenimento.

Segunda.- Normativa.

A normativa de aplicación para ocupación de dominio público para desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas é entre outra:

- Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.
- Regulamento de servizo, policía e réxime dos portos adscritos á Comunidade Autónoma.
- Lei 6/2003, do 9 de decembro , de taxas, prezos y exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.
- Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Costas 2014
- Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que recolle o Regulamento do ente público Portos de Galicia
- Decreto nº 130/2013, do 1 de agosto, que regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico -deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, Lei do emprendemento e competitividade económica de Galicia.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei de Tráfico de 2015, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro.
- Regulamento Xeral de Circulación de 2003 aprobado polo Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro.
- Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto polo que se aproba o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro que regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Decreto 292/2004, do 18 de novembro que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que deroga os artigos 4 e 7 desde Decreto.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, Lei do Deporte de Galicia 2012
- Demais normativa de pertinente aplicación.

4

Terceira.- Órgano competente.

A prestación de servizos portuarios vinculados a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas outorgados a título precario e con carácter extraordinario e esporádico, será competencia da Presidencia ou da Dirección Xeral da Entidade Pública Empresarial (EPE) Portos de Galicia, segundo corresponda polo prazo da autorización, agás que estes órganos acorden delegar tales competencias nas xefaturas de zona de Portos de Galicia onde se produza os espectáculos públicos e actividades recreativas.

Cuarta.- Tipos de Eventos.



Segundo as definicións establecidas no artigo 3 do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, que aproba o catalogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, a presente resolución regulará os seguintes eventos e actividades recreativas:

- Ocasional: aquelas que, debidamente autorizados, se celebren o se desenvolven en establecementos fixos ou eventuais, así como en vías e zonas de dominio público, durante períodos de tempo inferiores a tres meses. Nestes casos as autorizacións outorgaranse de forma específica para cada período de exercicio da actividade o programación de los espectáculos.
- Conmemorativos e de efemérides: aqueles que, debidamente autorizados, se celebren ou se desenvolvan en establecementos fixos o eventuais, así como en vías e zonas de dominio público. Neste caso a autorización farase polo período de tempo necesario para o desenvolvemento da conmemoración o efemérides.

E en canto a súa catalogación, segundo as definicións incluídas no citado Decreto 292/2004, mediante a presente resolución poderán autorizarse nos portos e instalación portuarias dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia serán as seguintes:

- Verbenas e festas populares, que segundo o decreto 292/2004 se definen como actividades que se celebran con motivo das festas patronais ou populares, con actuacións musicais, bailes, fogos de artificio ou actividades de restauración. Inclúe actividades desenvoltas en establecementos ou instalacións eventuais, portátiles ou desmontables que, debidamente autorizados, se destinan con carácter ocasional, durante a celebración de festa patronal ou tradicionais da localidade, a proporcionar ós usuarios, mediante prezo, a utilización de estruturas con dispositivos mecánicos ou electrónicos, ou a participación nos xogos de barracas para a obtención de bens móbiles de moi escaso valor económico.

Non obstante, para poder autorizarse a ocupación en dominio público portuario deberá acreditarse a súa vinculación coa tradición mariñeira nos portos, a arraigada tradición na vila ou o seu recoñecido valor etnográfico en relación a difusión da cultura e tradición de Galicia.

5

- Espectáculos feirais para presentación de bens e produtos relacionados coa actividade portuaria e tradición mariñeira e os produtos asociados a esta.
- Actividades deportivas, de carácter náutico, para o cal se precisa o uso dos espazos públicos abertos para a realización de probas ou actividades accesorias a estas.

A título indicativo, e non limitativo, quedan expresamente prohibidas as seguintes tipoloxías de espectáculos públicos e actividades recreativas.

- Exhibicións de animais de calquera índole
- Espectáculos circenses
- Espectáculos feirais que teñan como obxecto a concentracións de vehículos rodados de calquera tipoloxía, sen vinculación coa actividade portuaria, tanto destinados a difusión comercial como o ocio dos visitantes.
- Auditórios o aire libre e eventuais destinados a celebracións de espectáculos musicais non vinculados a unha verbena ou festa popular e sen vinculación coa tradición mariñeira, a tradición da vila ou seu interese etnográfico.

Quinta.- Zonas dos portos nos que se admitirán as actividades contempladas nesta resolución.

As zonas dos portos nas que se autorizarán estes portos serán por regra xeral as zonas que se poidan identificar como de interacción porto-vila, abertas ao uso público xeral, dotadas de obras de carácter urbano, e específicamente aquellas nas que tal funcionalidade de interfaz porto-vila así apareza na delimitación de espazos e usos portuarios aprobadas (DEUP).

Sexta.- Entidades solicitantes.

Poderán formalizar a solicitude persoas xurídicas públicas ou privadas e as persoas físicas.

Sétima.- Documentación xeral



Dentro do prazo establecido na correspondente convocatoria pública a publicar no Diario Oficial de Galicia, e en todo caso con carácter previo inicio do espectáculo público ou actividade recreativa, quen ostente a súa titularidade ou as persoas encargadas da súa organización deberán presentar unha solicitude dirixida a xefatura de zona de Portos de Galicia correspondente, en cumprimento do establecido na normativa de aplicación. A solicitude deberá formularse segundo modelo anexo I, ademais deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Datos identificativos do/a solicitante ou, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica e, no seu caso, da persoa que actúe na súa representación, indicando o seu nome e endereço, e incluíndo tamén as direccións para comunicacións e notificacións telemáticas.
- b) Localización concreta no porto de que se trate do espectáculo público ou actividade para a que se solicita a autorización, no que se especifique a extensión da zona de dominio público portuario a ocupar e datas e prazo nos que se pretende desenvolver. Deberá achegarse soporte gráfico no que se identifique con claridade o ámbito e a superficie solicitada.
- c) Declaración da persoa titular u organizadora, no seu caso, onde faga constar o compromiso de contratación dos seguros previstos na lei 9/2013, do 19 de decembro.
- d) Documento acreditativo da designación, por quien solicite a autorización, da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do establecemento á autorización outorgada, na que ten que constar o nome, o endereço e a titulación e habilitación profesional da persoa designada. Deberá presentarse segundo o modelo incluído no anexo II.
- e) No suposto de que o titular da autorización sexa un concello, deberá presentarse certificado segundo modelo do anexo III, ós efectos do cumprimento do artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013, en relación a necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento do orden público, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico.
- f) Outros documentos e xustificacións que Portos de Galicia considere necesarios e a súa esixencia estea xustificada por razón imperiosa de interese xeral.

6

Oitava.- Tramitación da solicitude

1. Portos de Galicia establecerá un prazo para a presentación das solicitudes, mediante publicación no Diario oficial de Galicia, no que indicara o lugar e o período de tempo para formalizar solicitudes de espectáculos públicos ou actividades recreativas.
2. No suposto de que a data de celebración do evento este prevista nun prazo inferior ó prazo mínimo de formalización de solicitudes establecido na convocatoria pública, a solicitud e documentación requerida deberá presentarse nun prazo máximo de 10 días naturais desde o día seguinte á publicación do anuncio do DOG, e en todo caso dous días antes da data prevista para a celebración do evento, do contrario non será admitida a trámite a solicitude.

Unicamente poderán ser admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido na convocatoria pública cando se trate de eventos promovidos e patrocinados por administracións públicas ou corporacións que participen desta natureza, e entidades privadas, sempre que se xustifique que teñan un carácter sobreido difícilmente previsible. Neste caso o solicitante deberá achegar, xunto coa solicitude, memoria que xustifique a excepcionalidade da causa que xustifique a presentación fora de prazo. Portos de Galicia valorará en cada caso a admisión a trámite da solicitude.

3. Recibida a solicitud de autorización e a documentación anexa, Portos de Galicia analizará o cumprimento da normativa aplicable aos efectos da ocupación do dominio público portuarios, requirindo cando proceda, aos solicitantes para a súa emenda. Entenderase que se desiste da solicitud cando, non se atenda polo solicitante o requerimiento de documentación realizado por Portos de Galicia para a emenda da documentación no prazo establecido parailo.



Novena.- Resolución da solicitude.

1. Recibidas as solicitudes, e unha vez analizadas a documentación aportada, a adaptación do evento a presente resolución e a disponibilidade de terreos portuarios e calquera outro condicionante, resolverase a solicitude no sentido positivo ou negativo que proceda.
2. Considerando o número de Portos de Galicia, o elevado número de eventos e de entidades e persoas que solicitan estas autorizacións, por razóns de eficacia, delegase nas Xefaturas de Zona correspondente, a resolución para autorizar ou denegar a solicitude, expresando na resolución o carácter delegado do acto e se considerarán dictadas por el órgano delegante.
A persoa que represente á entidade solicitante deberá aceptar as condicións da autorización no prazo máximo de 10 días desde a súa recepción e en todo caso antes da celebración do evento.
3. Na autorización fixarase a contía mínima da garantía económica a depositar e o prazo establecido para elo. Esta contía fixarase en función da superficie portuaria a ocupar e cubrirá as responsabilidades polos danos que se poidan ocasionar na zona, así como pola deficiencia na limpeza posterior á finalización do evento. Esta garantía será depositada na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia a favor de Portos de Galicia no prazo fixado para ilo na autorización e en todo caso con anterioridade ó comezo da montaxe do evento. As contías da garantía son as establecidas no anexo IV.
4. Na autorización fixarase a contía da póliza de seguro a constituir de xeito específico para o evento que cubra a responsabilidade civil que sexa imputable, directa ou solidaria ou subsidiariamente, as persoas titulares dos establecementos abertos ó público ou as persoas organizadoras dos eventos públicos ou das actividades recreativas, de tal maneira que poida responder dos danos persoais e materiais e dos prexuízos ocasionados ás persoas usuarios ou asistentes e a terceiras persoas e os seus bens, ou a propria instalación portuaria.
5. A contía do capital asegurado fixarase de conformidade coa Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e normativa que a desenvolva.

7

6. Para acreditar a formalización do seguro de responsabilidade civil específico para o evento deberá presentarse no prazo establecido na autorización certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros cuxo contido mínimo sexa o seguinte:
 - Identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúa en representación.
 - Número da póliza de seguro
 - Mención expresa da cobertura de responsabilidade civil e a vixencia temporal do seguro
 - Identificación do espectáculo ou actividade a celebrar, que se corresponderá co evento solicitado.
 - Porto e municipio onde está previsto o evento asegurado.
 - Contía do capital asegurado e da franquicia no seu caso.
 - Data de pagamento da póliza que acredite a súa formalización.
 - Data de expedición do certificado, firmado polo titular ou representante legal.
7. Toda a documentación requerida na autorización de ocupación de dominio público deberá estar presentada en Portos de Galicia no prazo establecido na autorización, e en todo caso antes da celebración do evento, xa que do contrario a autorización quedará extinguida por desestimento do solicitante.
8. En cumprimento do artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013 del emprendemento e da competitividade económica de Galicia deberá o solicitante acadar de xeito coordinado a oportuna licenza municipal, a cal será esixida por Portos de Galicia no condicionado da autorización outorgada ós efectos exclusivo da ocupación de dominio público portuario de titularidade autonómica. A falta de presentación será causa de revogación automática da



autorización.

No suposto de que o titular da autorización sexa un concello substituirase a presentación da licenza polo certificado incluído no anexo III, relativo o cumprimento do artigo 41 da Lei 9/2013, en relación a necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento do orden público, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico.

Oitava.- Control e organización do espectáculo público ou actividade recreativa

O organizador asume en exclusiva a responsabilidade na disposición e na aplicación de medidas preventivas respecto á circulación pola zona portuaria de persoas non relacionadas coas actividades portuarias e en adoitar as condicións de seguridade pertinentes en previsión da afluencia de persoas aos actos programados.

Durante o período de celebración, e actos preparatorios, será responsabilidade do organizador o imposibilitar, con medidas de pechadura e control suficientes, que vehículos alleos ás actividades obxecto desta autorización accedan á zona portuaria.

Non obstante a realización das actividades autorizadas non poderá obstaculizar as operacións e actividades portuarias ordinarias.

Ademais, está prohibido verter residuos ou outros obxectos nas augas do porto, quedando o infractor suxeito ao disposto na lexislación vixente sobre a materia.

Dada a previsible afluencia de persoas que acudan ás actividades programadas, o organizador deberá ter en conta que será responsable da seguridade das persoas que acudan á mesma, para o que deberá adoitar as medidas preventivas oportunas segundo o proxectado na fase de obtención de permisos e licenza segundo o previsto na Lei 9/2013. Así mesmo deberá informar ao público en xeral, que se atopa en ámbito portuario.

A seguridade dos espectadores e dos participantes será responsabilidade exclusiva do organizador do evento en cuestión en canto a caídas ou a calquera outro accidente que puidese ocorrer con motivo da celebración dos actos programados. As vías e aparcamentos, deberán quedar libres para os vehículos relacionados cos eventos, e particularmente para os de urxencia sanitaria, de seguridade e protección das persoas. Os espazos autorizados a ocupar xunto ao cantil do peirao limitaranse con cerramento ou con cinta de forma clara, non debendo superar a superficie autorizada.

Os organizadores, ademais de manter a limpeza das zonas ocupadas deberán de facerse cargo da recollida do exceso de residuos que se forme, ademais de ser os responsables da retirada de todas as pancartas e carteis sobre paredes e mobiliario urbano que puidesen xerarse debido á celebración.

O organizador finalizada a utilización, deixará as superficies, útiles, locais y elementos en perfectas condicións de limpeza y funcionamento.

No caso de que se producisen calquera tipo de desperfectos nas instalacións portuarias, ou non se deixase en perfecto estado de limpeza, estes deberán ser emendados polo organizador no prazo que se estableza para elo ou como máximo no prazo dun mes. Se non se realizasen os mesmos, Portos de Galicia procederá por execución subsidiaria, á súa reparación, remitindo as facturas correspondentes para a súa abono ao organizador do evento, e incautando a fianza depositada no seu caso.

Novena.- Fornecementos

A instalación eléctrica necesaria para o desenvolvemento do evento deberá cumplir coas disposicións do Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, aprobado polo Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto e da Orde do 23 de xullo de 2003 que regula o Regulamento electrotécnico de baixa tensión, o que regula as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes de baixa tensión e demais normativa complementaria.

O fornecemento de enerxía poderá realizarse mediante acometida a rede xeral mediante a oportuna



tramitación coa compañía subministradora de enerxía, solicitando o correspondente enganche, para o cal deberá presentar, no seu caso, un proxecto técnico na Consellería de Industria e obter o Boletín/é da instalación eléctrica.

Realizada a instalación de B.T. por un instalador autorizado que se axuste ao proxecto e atenda á demanda solicitada de fornecemento, e dentro do prazo establecido parailo e en todo caso antes de que se produza o evento, a entidade solicitante deberá remitir a Portos de Galicia o boletín de enganche validado pola consellería con competencias na materia.

Tamén se poderá acadar o fornecemento mediante instalación dun/s xerador/es eléctrico/s insonorizado/s, capaz/ces de fornecer a potencia total da instalación e equipos de urgencia.

En ningún caso se permitirá a conexión directa a liñas portuarias.

No suposto de precisar acometida de auga para a celebración do evento, deberase acadar acometida a rede municipal, non sendo posible acometer a rede portuarias agás que fora solicitado expresamente, e esta acometida sexa debidamente autorizado por Portos de Galicia, sendo neste caso preceptivo a inclusión da indicación concreta do punto de enganche autorizado na propia autorización, con indicación do número de contador ou boca de rego autorizada.

Décima.- Normas de contaminación acústica.

O organizador deberá cumplir coas normas de ruído e de contaminación acústica aplicables, sendo o seu incumprimento causa de revogación da autorización

Décimo primeira.- Abono das taxas portuarias.

A ocupación do dominio público está sometida ó abono das taxas que corresponda en función do tipo de evento e ocupación, segundo o disposto na Lei 6/2003 de prezos, taxas e exacción reguladoras da comunidade autónoma de Galicia.

9

Na autorización fixaranse a taxas xerais e específicas que correspondan a súa contía para o evento solicitado.

No caso concreto da ocupación de superficie a tarifa a aplicar é a E-2 .- almacenaxe, locais e edificios para ocupacións de superficie destina a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias, cuxas contías se fixan en función do grupo a que pertence o porto e os días de ocupación segundo a seguinte táboa:

Zona terrestre	Grupo A	Grupo B	Grupo C
Días 1 ó 10	0,100101	0,067334	0,050504
Días 11 e seguintes	0,202020	0,134667	0,101008
Zona de lámina de auga	Grupo A	Grupo B	Grupo C
A menos de 20 do cantil	0,70691	0,47080	0,35345
A máis de 20 do cantil	0,32311	0,21522	0,16182

No suposto de que fora precisa a utilización de infraestruturas portuarias de atraque será de aplicación as tarifas X-1, X-2 ou X-5 segundo a tipoloxía da embarcación, sendo as tarifas a aplicar as seguintes:

A autorización suporá a reserva do espazo para as datas solicitadas, polo que devengará taxa aínda que non se produza a ocupación efectiva, agás que sexa notificada con carácter previo á data do evento autorizado a súa renuncia. A superficie a solicitar deberá incluír non só os espazos estritamente ocupados polos elementos, equipamentos ou estruturas a instalar, senón as explanadas, viarios ou zonas urbanizadas nas que se prevea o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, incluíndo todo aquel o espazo onde se prevea aloxar o aforo previsto de asistentes.

O período de tempo que se tomará para o cálculo da taxa incluirá o tempo necesario para realizar o montaxe e posterior desmantelamento da instalación, prolongando o período de devengo ata que se complete o desaloxo total da instalación portuaria.



No suposto de que o solicitante desista da ocupación, deberá comunicalo con anterioridade a data autorizada a xefatura de zona correspondente, quedando deste xeito anulada a autorización e polo tanto o feito imposible que motivaba o devengo das taxas.

No suposto de que a superficie realmente ocupada polo evento fose maior da autorizada, ou por mas tempo do autorizado, realizadas as comprobacións oportunas pola xefatura de zona correspondente, liquidarase a ocupación real producida. A superficie computada ós efectos do abono das taxas incluirá as explanadas, viarios ou zonas urbanizadas nas que se desenvolveu o espectáculo o actividade, incluíndo todo aquel o espazo destinado a aloxar o aforo de asistentes.

A realización do espectáculo público ou actividade recreativa sen a oportuna autorización, ou contando con ela pero non habendo cumplido o seu condicionado, no exime o abono da taxa portuaria, ó marxe da incoación do expediente sancionador correspondente. Portos de Galicia aplicará nese caso as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupación realizadas sen autorización.

Decimo segunda.- Contido da autorización precarial de ocupación de dominio público portuario

As autorización de ocupación de dominio público portuario outorgaranse segundo o modelo incluído no anexo V e conterán a lo menos o seguinte:

- a. O nome, razón social, número ou código de identificación fiscal de quen ostente a titularidade.
- b. A denominación da actividade.
- c. O Porto e localización do evento.
- d. A data de outorgamento da autorización e o período polo cal se autoriza
- e. O tipo de actividade recreativa ou espectáculo público autorizado.
- f. O aforo máximo estimado, os efectos do calculo do seguro de responsabilidade civil.
- g. Superficie de dominio público a ocupación da cal se autoriza.
- h. Condicións de protección do medio ambiente que, no seu caso, procedan.
- i. A taxa de ocupación que sexan de aplicación
- j. Garantía a constituír.
- k. Importe do Seguro de responsabilidade Civil a formalizar
- l. Causas de revogación.
- m. Calquera outro dato que se considere oportuno en función da normativa de aplicación e/ou das condicións singulares en función da tipoloxía da actividade ou espectáculo.

10

Décimo terceira:- Extinción das autorizacións de ocupación de dominio público

As autorizacións extínguense polos seguintes motivos:

- a) Por ter finalizado o espectáculo público ou a actividade recreativa.
- b) Por cumprimento do prazo ao que está sometida a actividade ou espectáculo público para o que se solicitou a autorización, nos casos en que proceda.
- c) Por revogación da autorización
- d) Por renuncia de quen ostente a súa titularidade. Neste caso, se se produce con carácter previo a data de autorización non devengará taxas.

Décimo cuarta.- Revogación

As autorizacións poden revocarse nos seguintes supostos:

- a) Por terse modificado substancialmente o ter desaparecido as circunstancias que



determinaron a autorización, ou ter sobrevido outras novas que, en caso de ter existido, haberían comportado a súa denegación.

b) Por incumprimento por parte de quen ostente a titularidade das autorizacóns dos requisitos ou condicónes en virtude dos cales lles foron outorgadas, e en especial as seguintes:

- Non acreditar antes da celebración do evento ter formalizado o depósito da fianza esixida. No suposto de que a entidade autorizada sexa un concello ou outra administración pública, se fora o caso, poderá acreditarse a exención de formalización da garantía en base a normativa vixente.
- No acredita antes da celebración do evento ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.
- No acredita antes da celebración do evento a obtención da licenza municipal.

c) Polas causas indicadas na Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia

d) Por necesidade sobrevida de utilización dos terreos para a actividade portuaria.

e) Polas causas establecidas na normativa de Portos e de Costas.

A revogación da autorización non xeran dereito a indemnización, agás que sexa causa imputable a Portos de Galicia.

Final.- Entrada en vigor. A presente resolución, que será de aplicación a eventos e espectáculos que teñen lugar a partir do dia 2 de xullo de 2018, entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro de Portos de Galicia,

11

RESOLVO:

- Aprobar os criterios que regularán a tipoloxía de espectáculos públicos e actividades recreativas autorizables nos portos, tentando homoxeneizar con outros organismos competentes a tramitación pertinente en consonancia coa legislación vixente, así como o procedemento de solicitude e autorización.
- Abrir o prazo de presentación de solicitude desde o día seguinte a publicación no DOG da presente resolución.

Para que a solicitude poida ser tida en conta, deberá ser presentada no rexistro de Portos de Galicia cunha anterioridade mínima de DOUS meses ó inicio do evento, contado desde o primeiro día en que se solicite a ocupación do espazo portuario. Non serán admitidas as propostas presentadas fora deste prazo agás o indicado na punto 2 da cláusula 7 da presente resolución.

As solicitudes xunto coa documentación indicada na cláusula 6 da presente resolución terán que presentarse, en horario de 9:00 a 14:00 h, mediante escrito dirixido ao Presidente do ente público Portos de Galicia, na sede da zona de Portos de Galicia da cal dependa o porto onde se solicita o evento, nas seguintes direccións:

Zona Norte: Nicomedes Pastor Díaz, 13 .- 1º 27.002 Lugo.

Zona Centro: Alférez Provisional, 5-1º 15006 A Coruña

Zona Sur: Victor Said Arnesto 1.- plantas 1º e 2º 36001 Pontevedra

Tamén se poderá solicitar nos servizos centrais de Portos de Galicia sito no Edificio de Area Central, Praza de Europa, 5- A, 6º, 15707 Santiago de Compostela.

Conta esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso -administrativo de Santiago de Compostela no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso potestativo de reposición, no prazo DUN (1) MES contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o



mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícase esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas e faise pública a delegación de competencias nas Xefaturas de Zona de conformidade co artigo 9 da dita Lei 40/2015.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018.

O presidente,

-José Juan Durán Hermida





ANEXO I SOLICITUDE CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE FESTAS E OUTROS EVENTOS SIMILARES EN INSTALACIÓN PORTUARIAS DE COMPETENCIA AUTONÓMICA.

IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE.

PROMOTOR:	DNI/CIF:	
RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:		
REPRESENTANTE:	DNI:	
ENDEREZO PARA NOTIFICACIONES:		
CORREO ELECTRÓNICO		
TFNO MÓVIL:	TFNO FIXO:	FAX:

ACTIVIDADE SOLICITADA E UBICACIÓN.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: (ver detalle en Memoria anexa)

MEDIDAS PREVISTAS DE VIXIANCIA E SEGURIDADE: (ver detalle en Memoria, plan e documentación anexa)

DATAS INICIO:	DATA DE INICIO DE MONTAXE:
UBICACIÓN:	SUPERFICIE A OCUPAR (m ²): (*)
DATA FIN:	DATA FIN DEXMONTAXE:
AFORO APROXIMADO PREVISTO:	

(*) A superficie a solicitar deberá incluír non so os espazos estritamente ocupados polos elementos, equipamentos ou estruturas a instalar, senón as explanadas, viarios ou zonas urbanizadas nas que se prevea o desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, incluíndo todo aquel o espazo onde se prevea aloxar o aforo previsto de asistentes.

10

FORNECENTOS

ELECTRICO (indicar acometida compañía suministradora/xenerador eléctrico insonorizado):

AUGA (INDICAR REDE MUNICIPAL/REDE PORTOS):

DATAS INICIO:	DATA DE INICIO DE MONTAXE:
UBICACIÓN:	SUPERFICIE A OCUPAR (M ²):
DATA FIN:	DATA FIN DEXMONTAXE:

CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE

PREVESE QUE O EVENTO TEÑA CARÁCTER PÚBLICO:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ESCENARIO:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE TARIMAS, PLATAFORMAS E/OU PASARELAS	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE GRADAS DESMONTABLES:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FERIA:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ESTRUCTURAS DESMONTABLES:	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE CARPAS E/OU JAIMAS	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE CERRAMENTOS ANTI-AVALANCHA OU DE PECHE	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE PANTALLAS AUDIOVISUAIS E/OU VIDEOWALLS	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE SON	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE ILUMINACIÓN	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE PROXECTORES E CAÑONS DE IMAXES	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN	SI:	NON:



PREVESE A INSTALACIÓN DE HINCHABLES	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE STANDS FERIAIS	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE CATERING	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE DISCOTECAS MÓBILES	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE RECURSOS PIROTÉCNICOS	SI:	NON:
PREVESE A INSTALACIÓN DE ROTULACIÓNNS	SI:	NON:
OUTRAS OBSERVACIÓNS:		

O PROMOTOR:

Asdo./



**ANEXO II ESCRITO DE ACEPTACION DE CONDICIÓNNS E DE RESPONSABILIDADES PARA
PARTICULARES:**

1º. D. _____ en nome propio ou en representación dá entidade _____, N.I.F./C.I.F. número _____, con poder bastante e vixente para este acto, formulou declaración de vontade de aceptación dás condicións e de responsabilidades dá autorización de ocupación de superficie portuaria con destino á celebración do evento de _____ de duración limitada que se acompañan a este escrito como Anexo I.

2º. A limpeza, tanto dos espazos ocupados como das vías de acceso e zonas adxacentes, será por conta do peticionario, debendo quedar en perfectas condicións nun prazo máximo de 24 horas. Para o que se presentará copia do contrato de limpeza. Quedo informado de que en caso contrario Portos de Galicia subsidiariamente procederá a realizar a limpeza, o custa do cal repercutirá no peticionario.

3º. Quedo informado de que queda terminantemente prohibido traspasar calquera porta, escaleira ou outro acceso que, atópese debidamente sinalizado por calquera que teña relación coa actividade que se autoriza así como polos asistentes ao mesmo. Serei responsable como solicitante autorizado do obrigado cumplimento desta condición.

4º. Quedo informado que é responsabilidade do autorizado o cercado da zona indicada no plano achego.

5º. Quedo informado de que é responsabilidade do autorizado contar coa seguridade axeitada durante toda a duración do evento autorizado.

6º. Quedo informado de que será responsabilidade do autorizado calquera contratempo que se produza durante a montaxe/desmantelamento así como durante a celebración do acto.

12

O peticionario e organizador,

Nome acorde responsable perante a montaxe/desmantelamento:

D.N.I.:

Telf.

Contacto

:

Declaro coñecer e aceptar as condicións impostas mediante a firma do presente documento, e o seu remisión ao Sr. Presidente de Portos de Galicia.

En _____, a ____ de _____ de 20____

PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.



ANEXO III ESCRITO DE ACEPTACION DE CONDICIÓNNS E DE RESPONSABILIDADES PARA CONCELLOS:

1. D. _____ en nome propio ou en representación d'a entidade _____ N.I.F./C.I.F. número _____, con poder bastante e vixente para este acto, formulo declaración de vontade de aceptación dás condicións e de responsabilidades d'a autorización de ocupación de superficie portuaria con destino á celebración do evento de _____ de duración limitada que se acompañan a este escrito como Anexo I.
2. A limpeza, tanto dos espazos ocupados como das vías de acceso e zonas adxacentes, será por conta do peticionario, debendo quedar en perfectas condicións nun prazo máximo de 24 horas. Para o que se presentará copia do contrato de limpeza. Quedo informado de que en caso contrario Portos de Galicia subsidiariamente procederá a realizar a limpeza, o custa do cal repercutirá no peticionario.
3. Quedo informado de que queda terminantemente prohibido traspasar calquera porta, escaleira ou outro acceso que, atópese debidamente sinalizado por calquera que teña relación coa actividade que se autoriza así como polos asistentes ao mesmo. Serei responsable como solicitante autorizado do obrigado cumprimento desta condición.
4. Quedo informado que é responsabilidade do autorizado o cercado da zona indicada no plano achego.
5. Quedo informado de que é responsabilidade do autorizado contar coa seguridade axeitada durante toda a duración do evento autorizado.
6. Quedo informado de que será responsabilidade do autorizado calquera contratempo que se produza durante a montaxe/desmantelamento así como durante a celebración do acto.
7. O Concello de _____ asume o cumprimento do artigo 41 da Lei 9/2013, en relación a necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento do orden público, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico.

13

O peticionario e organizador,

Nome acode responsable perante a montaxe/desmantelamento:

D.N.I.:

Telf.

Contacto

:

Declaro coñecer e aceptar as condicións impostas mediante a firma do presente documento, e o seu remisión ao Sr. Presidente de Portos de Galicia.

En _____, a ____ de _____ de 20____

PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.



Anexo IV IMPORTE DE GARANTIAS E SEGUROS

1. GARANTIA

O importe mínimo das garantías a esixir será o resultado de multiplicar 3€/m² pola totalidade superficie solicitada cun mínimo de 1.000 €

No suposto de que ó solicitante sexa unha administración pública o importe da garantía a esixir será de 1 €/m² pola totalidade da superficie solicitada, e non será de aplicación o mínimo establecido no parágrafo anterior. Neste suposto, eximirase da presentación de garantías a administración pública solicitante, sempre e cando a dita exención estea reflectida en normativa específica que lle sexa de aplicación e se certifique por parte do organismo público a aplicabilidade no caso concreto.

2. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

O importe mínimo dos seguros de responsabilidade civil serán os indicados na Disposición Transitoria Terceira sobre capitais mínimos das pólizas de seguro de espectáculos públicos e actividades recreativas. da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e sen prexuízo do disposto no artigo 8.7 da dita Lei 10/2017, a cal dispón:

1. Mentre non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías, atendendo a capacidade:

- a) Ata 100 persoas: 300.000 euros de capital asegurado.
- b) Ata 150 persoas: 400.000 euros de capital asegurado.
- c) Ata 300 persoas: 600.000 euros de capital asegurado.
- d) Ata 500 persoas: 750.000 euros de capital asegurado.
- e) Ata 1.000 persoas: 900.000 euros de capital asegurado.
- f) Ata 1.500 persoas: 1.200.000 euros de capital asegurado.
- g) Ata 2.500 persoas: 1.600.000 euros de capital asegurado.
- h) Ata 5.000 persoas: 2.000.000 de euros de capital asegurado.
- i) Cando a capacidade sexa superior á mencionada na alínea h), a cantidad mínima de capital asegurado incrementarase en 60.000 euros por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 de euros.

14

2. As administracións públicas, os seus organismos autónomos, as entidades de dereito público dependentes ou a elas vinculadas e as demais entidades integrantes do sector público que organicen espectáculos públicos e actividades recreativas asegurarános, de conformidade co establecido na normativa específica, tendo en conta que en ningún caso a contía mínima de capital asegurado por este concepto pode ser inferior a 300.000 euros.

3. A realización de espectáculos públicos ou actividades recreativas en espazos abertos ao público, non delimitados e de capacidade indeterminada, nos cales se exixa licenza, declaración responsable ou autorización para a súa celebración require a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 600.000 euros de capital asegurado nos casos en que se exixa licenza ou autorización, e de 300.000 euros nos casos en que se exixa declaración responsable.

4. No caso de instalacións ou estruturas eventuais portátiles ou desmontables que se utilicen con ocasión de feiras ou atraccións en espazos abertos ao público onde a súa capacidade sexa indeterminada o capital mínimo asegurado será de 150.000 euros por cada instalación ou estrutura, e a persoa propietaria ou arrendataria da instalación quedará obrigada a contratar a póliza de seguro.

5. Se as instalacións ou estruturas do número 4 se utilizan conxuntamente nun espazo delimitado, débese subscribir unha única póliza de seguro conxunta para todas as estruturas ou instalacións, cuxo capital mínimo asegurado deberá ser o correspondente á capacidade do espazo delimitado nos termos establecidos no número 1.



ANEXO V. CONDICIÓN DA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE PORTUARIA CON DESTINO Á CELEBRACIÓN DE ESPETACULOS PÚBLICO OU ACTIVIDADES RECREATIVAS

CONDICIÓN:

1. A presente autorización outórgase ao CONCELLO /OU/ PROMOTOR PARTICULAR “_____” (en adiante o USUARIO) para a ocupación eventual dunha parcela do porto de “_____”, con destino á realización da actividade secundaria de “_festa patronal/_outro evento_”, cun aforo estimado de _____
2. A presente autorización habilita a ocupación de superficie exclusivamente para a realización da actividade prevista na condición 1ª no período comprendido entre os días ___e ___ de ___ do ___ en horario de “__ a __”, e non é prorrogable.
3. A dita autorización outórgase a título de precario, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e sen cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma, e non é transferible.
4. A realización das actividades autorizadas non poderá obstaculizar as operacións e actividades portuarias.
5. O USUARIO comunicará con antelación suficiente a data de comezo da montaxe das instalacións. Tanto durante a montaxe como durante a ocupación e o desmantelamento das instalacións, o USUARIO, ao marxe de cumplir tódalas instrucións que ao respecto poida ditarlle persoal de Portos de Galicia, será responsable de adoitar tódalas medidas e condicións de seguridade e hixiene previstas con carácter xeral no ordenamento xurídico.

A dita responsabilidade estenderase ao mantemento dos establecementos e espazos públicos en perfecto estado de conservación, e igualmente a velar polo mantemento da orde e seguridade públicas articulando, de ser preciso, os necesarios mecanismos de coordinación para o caso de emergencias de calquera índole coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e con Protección Civil.

15

O USUARIO será finalmente responsable dos danos, dos deméritos e das avarías de toda orde que se lles poidan producir ás instalacións portuarias ou a terceiros, quedando Portos de Galicia exento de calquera responsabilidade polos mesmos.

Tampouco será responsable Portos de Galicia dos roubos, nin dos sinistros ou deterioros que poidan sufrir as instalacións, mercadorías ou calquera outros elementos cos que o USUARIO estea a ocupar a superficie portuaria.

6. Cara a asumir as responsabilidades que se esixen na anterior condición 5ª, o USUARIO, estará obrigado a concertar un seguro de responsabilidade civil por danos que se poidan producir polas propias acción ou omisións ocasionados á Administración ou a outros terceiros, o que deberá de acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha de certificación emitida pola compañía de seguros o axente de seguros, que deberá incluír a lo menos os datos indicados na condición séptima da resolución

A contía concreta da cobertura requirida por sinistro e establecese por persoal técnico de Portos de Galicia en función do aforo máximo previsto, do tipo de evento e das instalacións previstas, fixando neste caso concreto nun contía mínima de _____ €.

7. As instalacións e materiais utilizados nos eventos deberán ser totalmente retirados do porto no prazo establecido na presente autorización.

Para estes efectos a utilización da superficie en virtude desta autorización, implica para o USUARIO a obriga de deixar a superficie liberada cando sexan retiradas as instalacións, mercadorías ou calquera outros elementos, nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña cando se ocupou, e se non se fai así, Portos de Galicia efectuará as correspondentes actuacións de reposición de maneira subsidiaria e a costa do USUARIO.

8. O USUARIO deberá aboar pola ocupación da parcela a cantidade resultante da aplicación das taxas seguintes:

- a) Taxa E-2 de almacenaxe, locais e edificios, conforme ao disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as contías establecidas na súa regra séptima para as ocupación de superficie destinadas a usos non relacionados directamente coas actividades portuarias. A contía da



tarifa dependerá do grupo no que se atope o porto es os días de ocupación e a superficie ocupada:

b) Porto: _____

Grupo: _____

Numero días evento: _____

Contía dos días 1 ó 10: _____ €

Contía doas días 11 e seguintes: _____ €

Superficie: _____ m²

Importe total: _____ € (sen IVE)

A superficie computable será de:

_____ m² ou, de se lo caso, a resultante da medición que practique in situ persoal de Portos de Galicia unha vez se contemple o montaxe das instalacións.

No valor da taxa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

En caso de falta de pagamento das liquidacións emitidas, Portos de Galicia utilizará para o seu cobro o procedemento administrativo de conxinximento, de conformidade co artigo 20 da Lei 5/1994, de creación de Portos de Galicia.

No suposto de que fora precisa a utilización de infraestruturas portuarias de atraque será de aplicación as tarifas X-1, X-2 ou X-5 segundo a tipoloxía da embarcación, sendo as tarifas a aplicar as seguintes: _____

A realización do espectáculo público ou actividade recreativa sen que se compra o presente condicionado, no exime o abono da taxa portuaria, ó marxe da incoación do expediente sancionador correspondente. Portos de Galicia aplicará nese caso as regras e contías establecidas na Lei 6/2003 para as ocupación realizadas sen autorización. Para a tarifa E-2 será de aplicación a regra novena que establece que a tarifa será o quíntuplo da que con carácter xeral lle correspondería.

16

9. Se o USUARIO da autorización desexase utilizar as instalacións de suministro de auga do porto deberá solicita-lo con antelación suficiente ao celador gardapeiraos responsable do porto e cumplir tódalas instrucións que reciban ao respecto, o cal lle asignara o punto de acometida _____.

Non se permite o fornecemento directo de enerxía eléctrica á instalación portuaria, non obstante se se precisará o uso te tomas de enerxía para fornecementos puntuais, deberá solicita-lo con antelación suficiente ao celador gardapeiraos responsable do porto e cumplir tódalas instrucións que reciban ao respecto.

A utilización das citadas instalacións sen autorización implicará a apertura inmediata de procedemento administrativo sancionador, e poderá implicar a revogación da autorización.

En caso de que se utilicen estas instalacións, O USUARIO da autorización deberá aboar a tarifa portuaria E-3 correspondente, que, chegado o caso, tamén poderá ser recadada empregando o procedemento administrativo de conxinximento.

10. Sen prexúzo do establecido na anterior condición xeral 9ª, e no que atinxe á instalación eléctrica precisa para o desenvolvemento da actividade de que se trate, o promotor deberá de acreditar o cumprimento das prescripcións establecidas no Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, que aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión e na súa normativa de desenvolvemento, coas especificades previstas no mesmo, aportando copia do certificado de instalación eléctrica emitido por instalador autorizado de baixa tensión dilixenciado ante a Delegación correspondente da Consellería de Industria.

Para o cal deberá achegar o boletín da instalación dilixenciado pola delegación correspondente como máximo _____ días antes da celebración do evento. A falta de presentación será causa de revogación da autorización

11. O USUARIO, co fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas da presente autorización, e en particular as de contido económico, deberá de constituír unha garantía por importe de _____ €. A presentación da garantía na zona correspondente deberá acreditarse como máximo _____ días antes da celebración do evento. A falta de presentación será causa de revogación da autorización.



No suposto de que a entidade autorizada sexa un concello ou outra administración pública, se fora o caso, poderá acreditarse a exención de formalización da garantía en base a normativa vixente.

12. En cumprimento do artigo 41 e seguintes da Lei 9/2013 del emprendemento e da competitividade de Galicia deberá o solicitante acadar de xeito coordinado a oportuna licenza municipal, debendo presentar a resolución de licenza municipal como mínimo _____ días antes da celebración do evento. A falta de presentación será causa de revogación da autorización.

No suposto de que o titular da autorización sexa un concello substituirase a presentación da licenza polo certificado incluído no anexo III, relativo o cumprimento do artigo 41 da Lei 9/2013, en relación a necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento do orden público, así como da adecuada conservación do medio ambiente e o patrimonio histórico artístico.

13. O incumprimento polo USUARIO de calquera das condicións anteriores así como a carencia dos permisos ou licencias esixibles por outras Autoridades ou Organismos competentes, implicará, sen prexuízo das sancións que sexan legalmente procedentes, a revogación unilateral desta autorización. Igualmente, a autorización poderá ser revogada unilateralmente e en calquera momento por esta Administración cando resulte incompatible con normativa ou con obras ou plans aprobados con posterioridade, entorpeza a explotación portuaria, ou impida a utilización do espazo para actividades de maior interese portuario.

14. A eficacia e validez da presente autorización quedará condicionada a que o USUARIO autorizado remita á Xefatura de Zona respectiva, ou faga entrega ao celador gardapeiraos, dun dos exemplares que se achegan debidamente asinado en proba de conformidade coas presentes condicións.

15. Non no disposto nas anteriores condicións, estarase ao establecido na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia e no seu Regulamento, no Texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, RDL 2/2011, do 5 de setembro, nas leis autonómicas, Lei 9/2013, de 19 decembro de emprendemento e competitividade económica de Galicia, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e nas demais disposicións aplicables ás autorizacíons sobre dominio público portuario e sectoriais aplicables as condicións do obxecto desta autorización.

En _____, a ____ de ____ de ____.

CONFORME COAS CONDICIÓNNS:

Asdo.:

DNI.: